

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE SADA**

ANUNCIO da convocatoria do proceso selectivo para a provisión, pola quenda reservada a persoas con discapacidade, dunha praza de auxiliar de Administración xeral, incluída na oferta de emprego público para o ano 2024.

No *Boletín Oficial* da provincia da Coruña (BOP) número 185, do 29 de setembro de 2025, foron publicadas integramente as bases que van rexer a convocatoria para a provisión en propiedade dunha praza vacante deste concello coas seguintes características:

– 1 (unha) praza vacante de persoal funcionario de carreira da escala de Administración xeral, subescala auxiliar, grupo C, subgrupo C2 de clasificación, denominada auxiliar administrativo/a.

Sistema selectivo: oposición en quenda reservada a persoas discapacitadas.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, faranse públicos na forma prevista nas propias bases.

Sada, 29 de setembro de 2025

Óscar Benito Portela Fernández
Alcalde

CVE-DOG: a1qsnpr2-lex7-mbu5-s8t3-j7sy8b4h1ny5

